



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Teatro en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02047
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de obras, autores e momentos relevantes e significativos da dramaturxia en lingua galega e portuguesa.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
O alumnado deberá posuír un coñecemento avanzado dalgúns dos monumentos dramáticos das literaturas en linguas galega e portuguesa.	A11	B1	
	A17	B8	
	A18		
	A19		
	A20		
O alumnado deberá coñecer as diversas metodoloxías de análise literaria e espectacular e ser capaz de avaliar criticamente o estilo dun texto dramático ou dun espectáculo teatral.	A2	B1	
	A11		
	A14		
O alumnado deberá ser capaz de presentar oralmente os resultados das súas análises dunha maneira rigorosa e efectiva, demostrando a súa capacidade de síntese e de xerarquización da información.		B6	
		B7	
O alumnado deberá saber pór en relación a información presentada pol@s compañeir@s coas lecturas realizadas e facer comentarios retroalimentadores que demostren a súa capacidade para identificar os valores dun texto dramático e trazar pontes cos outros textos das diferentes dramaturxias en lingua galega e portuguesa.	A11	B5	
	A17	B7	
	A18		
	A20		



O alumnado deberá ser quen de traballar en grupo na procura de exemplos de dramaturxias e encenacións posdramáticas, ben como de expor os seus resultados de maneira crítica e rigorosa nunha discusión dirixida asíncrona.	A11	B1
	A14	B6
		B7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Teatro: literatura e encenación	1.1. Reflexións sobre a representación no século XX. Experiencias no ámbito galego-portugués: ___ Teatro Livre de Lisboa ___ Conservatorio Nacional de Arte Galega  1.2. Teatro sen fixación escrita ___ Barriga Verde e a comunicación das subalternas ___ O teatro mozambicano  1.3. O metateatro en lingua galego-portuguesa
2. Teatro Modernista no Brasil e en Portugal e Teatro de Arte na Galiza	2.1. O proxecto de Teatro da Arte de Castelao e as achegas de Otero Pedrayo  2.2. A renovación estética do teatro de Oswald de Andrade  2.3. O teatro modernista portugués e as súas dificultades por atinxir os palcos
3. Dramaturgas	3.1. Historiografías dramáticas masculinizadas e autoras invisibilizadas  3.2. Teatro feminista na Galiza e nos países lusófonos  4.3. Dramaturgas dos séculos XX e XXI
4. A actividade teatral fronte ás ditaduras e ao xugo colonial	4.1. A refundación do teatro galego desde 1965  3.2. O teatro portugués e o 25 de abril  3.3. O teatro brasileiro e a resistencia á ditadura  3.5. O teatro de Pepetela e a Angola da pos-independencia.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20	2	36	38
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A11 B8	2	4	6
Discusión dirixida	A11 A14 B1 B5 B7	7	13	20
Presentación oral	A2 A11 B1 B6 B7	10	24	34
Sesión maxistral	A11 A17 A18 B8 B7	8	4	12
Atención personalizada		2.5	0	2.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras teatrais que o/a alumno/a debe ler ao longo do cuadrimestre. Alén destas, o docente fornecerá artigos e estudos especializados sobre os contidos tratados na materia.
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento específico escollido entre os propostos polo docente nas primeiras sesións, ora unha representación teatral, ora unha palestra sobre teatro en lingua galega ou portuguesa.
Discusión dirixida	Através do espazo de traballo colaborativo en liña o alumnado participará nunha discusión dirixida polo profesor sobre temas atinentes aos contidos da materia. Previamente, deberán preparar as discusións coa lectura de artigos especializados. Tamén se realizarán discusións dirixidas presenciais após as presentacións orais individuais. A totalidade do grupo participará no diálogo posterior ás mesmas, demostrando a asimilación das lecturas por medio de comentarios retroalimentadores.
Presentación oral	Exposicións orais individuais, na aula, en que se exporá a análise e comentario dun texto dramático en función das pautas fornecidas polo docente e os contidos tratados nas sesións. Cada estudante deberá realizar dúas exposicións de textos diferentes. En función do número total de alumnado da materia, a segunda presentación poderá realizarse asincronamente, subíndoa ao espazo virtual da materia. Neste caso, a discusión dirixida posterior terá lugar por escrito.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver os traballos prácticos.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Lecturas Presentación oral Eventos científicos e/ou divulgativos Discusión dirixida	Os/as alumnos/as contarán con axuda personalizada para a preparación das súas presentacións orais e para solventar as dificultades levantadas polas lecturas, a participación na discusión dirixida e as exposicións maxistrais. Nas primeiras aulas acordaranse as datas e horas das sesións telemáticas conxuntas destas titorías, cuxo acompañamento por parte do estudantado forma parte da planificación da cadeira. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar coa Unidade de Atención á Diversidade ( <a href="https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/">https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/</a> ); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (pat.filoloxia@udc.gal).

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20	O control das lecturas será realizado por medio da participación na aula nos diálogos posteriores ás presentacións orais individuais.	30
Presentación oral	A2 A11 B1 B6 B7	O/a estudante deberá realizar un mínimo de dúas presentacións de monumentos dramáticos escritos en lingua galega ou portuguesa, unha síncrona presencial e a outra, gravada. Se o número de persoas matriculadas fose elevado, o/a docente poderá propor que se a presentación síncrona presencial se realice por parellas. Avaliarase a capacidade de focar os aspectos centrais da obra e a súa singularidade, así como de a pór en relación coas temáticas e correntes comentadas nas sesións expositivas. Tamén se ponderará a escolla e comentario oral dun fragmento da mesma.	30



Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A11 B8	O alumnado deberá asistir ora a un espectáculo teatral programado na contorna, ora a unha palestra especializada sobre teatro en lingua galega e portuguesa. Posteriormente, deberá realizar un informe -oral ou escrito- sobre o mesmo. O docente comunicará nas primeiras sesións presenciais a natureza e lugar de celebración do evento e, se for preciso, presentará alternativas para o alumnado que non puiden asistir ao inicialmente programado.	10
Discusión dirixida	A11 A14 B1 B5 B7	As sesións de aula comezarán coa posta en común dos lecturas preparatorias previas, nunha rolda voluntaria en que o alumnado desambiguará os termos centrais do texto, focará os aspectos máis significativos, levantará cuestións derivadas e porá en relación os aspectos recollidos na lectura con outros contidos da materia. Esta participación ao longo do cuadrimestre será avaliada até ao 15% da cualificación final. Aliás, o estudantado participará -nun contexto formal e coas claves da redacción académica- nun foro de discusión asíncrona aberto no Moodle en que o docente propondrá unhas liñas temáticas ou preguntas sobre un dos contidos da materia. Para unha correcta participación será preciso realizar unhas lecturas previas sinaladas desde a primeira sesión. Serán avaliados tanto a interiorización das lecturas e a capacidade de identificar os aspectos máis relevantes, como o diálogo establecido co resto de integrantes da turma (para o que será preciso unha lectura demorada dos seus comentarios).	30

## Observacións avaliación

**Exercicios obrigatorios** Para superar a materia será requisito indispensable a realización das presentacións orais e a participación na discusión dirixida. Quen non realizar ambos os exercicios será considerada/o **NON PRESENTADA/O**.

**Docencia semipresencial e alumnado con dispensa académica** As persoas con matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán porse en contacto co docente en horario de titorías ou a través do correo electrónico. Estas persoas acompañarán o curso a través das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto, que o profesor comunicará ao alumnado atinxido ao inicio do curso e que estarán publicados no campus virtual. Aplicaranse os mesmos criterios de avaliación e as metodoloxías pasarán a ser asíncronas.

**Segunda oportunidade e convocatoria adiantada** Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro haberá que realizar os mesmos traballos e probas que na primeira e o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación. A presentación oral presencial e a discusión dirixida síncrona sobre a mesma realizaranse en diálogo co docente (e as outras persoas da oportunidade de xullo, se as hober) no día e hora marcados para o exame final oficial. Nese momento tamén se realizará unha proba mixta en que se presentará ao alumnado un texto dramático para pór en relación coas lecturas, que serán avaliadas a través desa proba. As persoas que se matricularen na convocatoria adiantada de decembro deberán contactar co profesor antes de o mes de novembro concluír.

**Honestidade académica** Salvagardando en todo o momento os dereitos de autoría e protexendo os datos dos mesmos, os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. De se producir algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e activaranse as medidas recollidas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC".

**Apoio á diversidade** A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precisar da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade, consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI>), coa que deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade ([pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)).

## Fontes de información



## Bibliografía básica

- (2003). Teatro galego. Setepalcos 4. Coimbra: Cena Lusófona
  - Barata, J. Oliveira (1991). História do Teatro Português. Lisboa: Universidade Aberta
  - Biscainho-Fernandes, C-C (2007). A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral. Santiago: Editorial Laiovento
  - Biscainho-Fernandes, C-C (2008). Un país desde as táboas. 125 anos de teatro galego. Compostela: Xunta de Galicia
  - Biscainho-Fernandes, C-C (2019). "A dramaturxia galega feminina no século XXI", eHumanista IVITRA, 15, Monográfico III, Santa Bárbara (California) (Estados Unidos), UC Santa Barbara, 2019, pp. 324-341.
  - Caetano, Cristina Maia (2004). Conhecer o teatro em Moçambique. Pinhel: Pinhel Editora.
  - Caetano, Ana Cristina Maia (2003). Contributos para o Estudo do Teatro em Moçambique. Dissertação de Mestrado
  - Campoi García, Comba (2018). Sen medo ao demo: resistencia simbólica na Galiza da Posguerra: o teatro de títeres de Barriga Verde. Allariz: Dr. Alveiros
  - Figueiredo, César Alessandro (2015). "A ditadura militar no Brasil e o teatro: memória e resistência da classe artística", Revista Eletrônica de Ciência Política 6, n. 2.  
file:///Users/carlosbiscainho/Downloads/44240-167761-1-PB.pdf
  - Garcia Mendes, Miriam (1993). O negro e o teatro brasileiro. Sao Paulo-Rio de Janeiro-Brasília: Hucitec-IBAC
  - Lourenço Mória, C. & Biscainho-Fernandes, C-C (2000). Talía na Crónica de Nós. Dez anos de teatro galego (1990-1999). Ourense: Abano
  - Magaldi, Sábado (2001). Panorama do teatro brasileiro. São Paulo: Global
  - Rebello, F. L. (1991). História do Teatro . Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda
  - Tato Fontaiña, L (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra
  - Tato Fontaiña, L (2000). "O teatro desde 1936", en Anxo Tarrío (coord.), Literatura Galega.. A Coruña: Hércules de Edicións
  - Tato Fontaiña, L. (2009). "Frustracións parapelos: Teatro Modernista Brasileiro e Teatro de Arte Galego", en Olivia Rodríguez González (ed.): Novas achegas ao mundo da cultura galega. Enfoques literarios e
  - Tato Fontaiña, L. (2009). "A renovación dramática na Galiza e no Brasil: a muller como problema", en Laura Tato Fontaiña & M<sup>a</sup> Amparo Tavares Maleval (eds.): Estudos Galego-Brasileiros 3. Língua, Literatura, Ident. Rio de Janeiro
  - Vasques, Eugénia (1999). "O teatro português e o 25 de abril", Instituto Camões
- TÍTULOS DRAMÁTICOS PARA TRABALLAR NAS SESIÓNS
- Manuel Laranjeira, ?Amanhá Marcelino Mesquita, Uma anedota Xaime Quintanilla, Alén Otero Pedrayo, Teatro de máscaras Oswald de Andrade, A morta Almada Negreiros, Deseja-se mulher María Xosé Queizán, Antígona Hilda Hilst, O novo sistema María Estela Guedes, A boba Vidal Bolaño, Laudamuco Señor de Ningures Manuel Lourenzo, Defensa de Helena Prista Monteiro, A bengala Chico Buarque et al., Roda viva Pepetela, A corda
- TEXTOS DRAMÁTICOS SUSCEPTÍBEIS DE SEREN
- PRESENTADOS
- Xaime Quintanilla, Donosiña. Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte, O Mariscal Luís Manteiga, A mecada Nelson Rodrigues, Álbum de familia Oswald de Andrade, O Homem e o Cavalo Cotarelo Valledor, Hostia Rafael Dieste, A fiestra valdeira Fernando Pessoa, O Marinheiro Almada Negreiros, O Público em Cena Xohana Torres, A outra banda do Iberr Fiamma Hasse Pais Brandão, Auto de familia Sílvia Gomez, O céu cinco minutos antes da tempestade Vanessa Sotelo, Nome: Bonita Ave Lina Pérez, Os cans non comprenden a Kandinsky Luís Seoane, A soldadeira Álvaro Cunqueiro, O incerto Señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca Euloxio R. Ruibal, Zardigot Daniel Cortezón, Xelmírez ou a gloria de Compostela Francisco Taxes, O velorio Manuel Lourenzo, Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza Manuel Lourenzo, Defensa de Helena Sttau Monteiro, Felizmente há luar Bernardo Santareno, Português, escritor, 45 anos de idade Oduvaldo Vianna Filho, ?Vianinha?, Papa Highirte Gianfranco Guarnieri, Eles não usam black-tie
- {font-family:Times; panose-1:2 0 5 0 0 0 0 0 0; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:auto; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:3 0 0 0 1 0;}@font-face {font-family:Cambria; panose-1:2 4 5 3 5 4 6 3 2 4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:auto; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:3 0 0 0 1 0;}@font-face {font-family:"Helvetica Neue"; panose-1:2 0 5 3 0 0 0 2 0 4; mso-font-charset:0; mso-generic-font-family:auto; mso-font-pitch:variable; mso-font-signature:3 0 0 0 1 0;}p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal {mso-style-parent:""; margin-top:0cm; margin-right:0cm; margin-bottom:10.0pt; margin-left:0cm; mso-pagination:widow-orphan; font-size:12.0pt; font-family:"Times New

Roman"; mso-ascii-font-family:Cambria; mso-ascii-theme-font:minor-latin; mso-fareast-font-family:Cambria; mso-fareast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Cambria; mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi; mso-fareast-language:EN-US;}p {margin:0cm; margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan; font-size:10.0pt; font-family:"Times New Roman"; mso-ascii-font-family:Times; mso-fareast-font-family:Cambria; mso-fareast-theme-font:minor-latin; mso-hansi-font-family:Times; mso-bidi-font-family:"Times New Roman";}div.Section1 {page:Section1;}



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Carvalho Calero, R (2000). Escritos sobre teatro. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor' da Universidade da Coruña</li> <li>- Barbosa, Pedro (2005). Teoría do Teatro Moderno. A hora zero. Porto: Edições Afrontamento</li> <li>- Cruz, I. (2001). Historia do teatro portugués. Lisboa: Verbo</li> <li>- Cruz, I. (2005). O teatro portugués. Estrutura e transversalidade. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral &amp;quot;Francisco Pillado Mayor&amp;quot;</li> <li>- Fernández Castro, X.M. (2011). A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia   Bertamiráns: Laiovento</li> <li>- Franco, Camilo (2012). Dez obras na vida de Vidal Bolaño. A Coruña: Biblos</li> <li>- Martínez Teixeira, Alva (2009). O Herói Incómodo. Utopia e Pessimismo no Teatro de Hilda Hilst. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral &amp;quot;Francisco Pillado Mayor&amp;quot;</li> <li>- Pascual, Roberto (2013). Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro. Vigo: Xerais</li> <li>- Pena, M. &amp; Enríquez, G. (2013). Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Vigo: Galaxia</li> <li>- Pérez, Marta &amp; Vanesa Sotelo (2013). ?Tomar as rendas e crear á inversa: unha perspectiva feminista da creación escénica en Galicia?. En Revista Galega de Teatro nº 73: 7-16..</li> <li>- Prado, Décio de Almeida (1993). Peças, pessoas, personagens. O teatro brasileiro de Procópio Ferreira a Cacilda Becker. Sao Paulo: Companhia das Letras</li> <li>- Tato Fontaiña, L. (2013). Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro. Noia: Toxosoutos</li> <li>- Tato Fontaiña, L. (2013). Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guiños cinematográficos de Ramón Otero Pedrayo. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco</li> <li>- Tato Fontaiña, L. (2001). A construción dun teatro nacional en Castelao. Castelao. Co pensamento en Galiza. Actas do Congreso. Pontevedra: AS-PG / Concello de Pontevedra. pp</li> <li>- Vasques, Eugénia (2001). Mulheres que escreveram teatro no século XX em Portugal . Lisboa: Colibri</li> <li>- Vidal Ponte, R. (2014). Fóra de portas. Santiago: Positivas</li> </ul>
------------------------------------	--

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012  
 Lingua Portuguesa 1/613G02022  
 Literatura Portuguesa 1/613G02026

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua Portuguesa 2/613G02035  
 Literatura Portuguesa 2/613G02037

### Materias que continúan o temario

### Observacións

Para cursar esta disciplina recoméndase un nivel mínimo de lingua portuguesa equivalente a B2. Esta materia ten continuidade en "Literatura e espectáculo", do Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade.

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías